

Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

CAPÍTULO II. DO RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE.

Artigo 31.

O recurso de inconstitucionalidade contra as Leis, disposicións normativas ou actos con forza de Lei poderá promoverse a partir da súa publicación oficial.

Artigo 32.

Un. Están lexitimados para o exercicio do recurso de inconstitucionalidade cando se trate de Estatutos de Autonomía e demais Leis do Estado, Orgánicas ou en calquera das súas formas, e disposicións normativas e actos do Estado ou das Comunidades Autónomas con forza de Lei, Tratados Internacionais e Regulamentos das Cámaras e das Cortes Xerais:

- a. O Presidente do Goberno.
- b. O Defensor do pobo.
- c. Cincuenta deputados.
- d. Cincuenta senadores.

Dous. Para o exercicio do recurso de inconstitucionalidade contra as Leis, disposicións ou actos con forza de Lei do Estado que poidan afectar ao seu propio ámbito de autonomía, están tamén lexitimados os órganos colexiados executivos e as Asembleas das Comunidades Autónomas, previo acordo adoptado ao efecto.

Artigo 33. (redacción dada pola Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro)

Un. O recurso de inconstitucionalidade formularse dentro do prazo de tres meses a partir da publicación da Lei, disposición ou acto con forza de Lei impugnado mediante demanda presentada ante o Tribunal Constitucional, na que deberán expresarse as circunstancias de identidade das persoas ou órganos que exercitan a acción e, no seu caso, dos seus comisionados, concretar a Lei, disposición ou acto impugnado, en todo ou en parte, e precisar o precepto constitucional que se entende infrinxido.

Dous. Non obstante o disposto no apartado anterior, o Presidente do Goberno e os órganos colexiados executivos das Comunidades Autónomas poderán interpor o recurso de inconstitucionalidade no prazo de nove meses contra leis, disposicións ou actos con forza de Lei en relación coas que, e coa finalidade de evitar a interposición do recurso, se cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que se reúna a Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a respectiva Comunidade Autónoma, podendo solicitar a súa convocatoria calquera das dúas Administracións.
- b. Que no seo da mencionada Comisión Bilateral se adopte un acordo sobre iniciación de negociacións para resolver as discrepancias, podendo instar, no seu caso, a modificación do texto normativo. Este acordo poderá facer referencia á invocación ou non da suspensión da norma no caso de presentarse o recurso no prazo previsto neste apartado.
- c. Que o acordo sexa posto en coñecemento do Tribunal Constitucional polos órganos anteriormente mencionados dentro dos tres meses seguintes á publicación da Lei, disposición ou acto con forza de Lei, e se insira no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Comunidade Autónoma correspondente.

Tres. O sinalado no apartado anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso de inconstitucionalidade polos demais órganos e persoas a que fai referencia o artigo 32.